

Acta núm. 03/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 22 de febreiro de 2022.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 22 de febreiro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2022, DO 08.02.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 6º) LICENZA DE VADO PERMANENTE.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2022, DO 08.02.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 08.02.2022, acta núm. 02/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ISABEL MALLÓN CODESIDO, na que comunica que vai arranxar unha beirarrúa existente diante dunha vivenda sita no lugar de Ons de Abaixo nº 17- Ons.

A parcela (1988601NH2418N0001LG) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1). A aldea de Ons está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: OE-1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Non poderá aumentar a superficie da beirarrúa, tendo que cingirse tan só a reparar a existente.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER BERCERO ANICETO, na que comunica que pretende construír un peche en contacto coa vía pública, nunha parcela sita no lugar de Soigrex, Os Ánxeles; o peche terá unha lonxitude de 46 metros lineais, e farase con bloques

prefabricados de formigón ata unha altura aproximada de 30 cms., e por enriba malla metálica electrosoldada ata unha altura total de 1,80 metros.

A parcela (15013A037000010000UG) na que se pretenden executar as obras emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico ordinario, en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira letra 2.b), e atópase dentro da zona de protección de canles do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 20.01.2022, clave DH.W15.81718, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de afastarse a 5 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 49,45 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 114,02 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN PIÑEIRO ALAMANCOS, na que comunica que vai reparar o tellado dun alpendre sito na Avda. de Noia nº10, Os Ánxeles, substituindo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7048902NH2474N0001RJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 53,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 118,37 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER ARES GARRIDO, na que comunica que vai realizar varias obras no interior dunha vivenda sita na Avda. dos Ánxeles nº 34 – Os Ánxeles, consistentes en:

- Substituír portas de paso
- Cambio de tarima flotante
- Pintura interior da vivenda e reforma do mobiliario de cociña.

A parcela onde se empraza a edificación na que se pretenden levar a cabo as obras, sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 183,74 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 248,31 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita no lugar de Babenzo nº 53 (Ref. catastral 7821916NH2472S0001EF)– Bastavales. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 113 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, de data 16/11/21.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1298,32 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 259,65 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 324,22 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita no lugar de Mourentáns nº 57 (ref. catastral 1672601NH24717S0001QY) – Viceso. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 28 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 17.01.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 264,20 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 117,41 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita no lugar de Brans de Abaixo nº 40 (Ref. catastral 7066204NH2476N0001IT) – Brión. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 211

metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 14.01.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 04/02/2022, clave DH.W15.82464, e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 2.573,37 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 514,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 579,24 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita na Avda. Vicente Ramos nº 19 (ref. catastral 7348203NH2474N0001UJ) – Os Ánxeles. Para a canalización do mencionado condutor, realizarase unha gabiá de 0,40 m de ancho x 0,80 de profundidade sobre a estrada autonómica AC-543, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 20.09.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, expediente nº IF204A/AC/2021/1119, e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A obra deberá axustarse ás condicións impostas pola AXI, e non cabe impoñer garantía ao respecto, toda vez que o titular da estrada xa ten imposto aval bancario.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 101,13 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha instalación industrial sita no lugar de A Graña (ref. catastral 7148401NH1474N0001DT) – Cornanda. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 46 metros de lonxitude, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 25.01.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 575,71 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 115,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 179,71 euros.

4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JUÁN JOSÉ PAÍS VERDE, na que solicita licenza de segregación dunha parcela con dúas referencias catastrais, 6721601NH2462S0001HP e 15013B503004520000ME, sita no lugar de Vilas – Bastavales, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña) en data 19.01.22 visado núm. 20220058.

Descrición da parcela de orixe:

Parcela nº 452:

Referencias catastrais: 6721601NH2462S0001HP e 15013B503004520000ME.

Superficie: 13.833 m².

Clasificación: ten dúas clasificacións segundo PXOM:

a.- Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1): 6.196 m².

b- Solo rústico agropecuario (RC) e en parte de protección forestal (RF), séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección agropecuaria), en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d). A extensión dentro do ámbito de solo rústico ten un total de 7.637 m², dos cales 6.139 m² correspóndense coa categoría de protección agrícola e os restantes 1.498 m² coa categoría de protección forestal.

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.

Sur: camiño.

Leste: camiño e zona excluída (parcela catastral 5 e 8).

Oeste: camiño, José Barreiro Maña (449) e Rosalía Vilanova Romero (448).

Sobre esta finca existe construído un lavadoiro que ocupa en planta doce metros cadrados (12 m²), que unha vez realizada a segregación quedará dentro da banda de cesión para viario.

Segregación pretendida:

Parcela 452- Matriz

Superficie bruta: 7.637 m² .

Clasificación urbanística: Solo Rústico Forestal (RF) 1.498 m² e os restantes 6.139 en Solo Rústico Agropecuario (RC).

Lindes:

Norte: coas parcelas 452-1, 452-2, 452-3, 452-4, 452-5 y 452-6 procedentes desta segregación.
 Sur: camiño.
 Leste: camiño e zona excluída (parcela catastral 5 y 8).
 Oeste: camiño, José Barreiro Maña (449) e Rosalía Vilanova Romero (448).

Parcela nº 452-1

Superficie bruta: 964 m² .
 Superficie de cesión: 220 m².
 Superficie neta: 744 m².
 Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.
 Sur: coa parcela 452 Matriz procedente desta segregación e descrita do apartado anterior.
 Leste: coa parcela 452-2 procedente desta segregación.
 Oeste: Camiño.

Parcela nº 452-2:

Superficie bruta: 879 m² .
 Superficie de cesión: 27 m².
 Superficie neta: 852 m².
 Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.
 Sur: coa parcela 452 Matriz procedente desta segregación.
 Leste: coa parcela 452-3 procedente de esta segregación.
 Oeste: coa parcela 452-1 procedente desta segregación.

Parcela nº 452-3:

Superficie bruta: 904 m² .
 Superficie de cesión: 25 m².
 Superficie neta: 879 m².
 Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria;
 Sur: coa parcela 452 Matriz procedente desta segregación.
 Leste: coa parcela 452-4 procedente desta segregación.
 Oeste: coa parcela 452-2 procedente desta segregación.

Parcela nº 452-4

Superficie bruta: 982 m² .
 Superficie de cesión: 26 m².
 Superficie neta: 956 m².
 Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.
 Sur: coa parcela 452 Matriz procedente desta segregación.
 Leste: coa parcela 452-5 procedente desta segregación.
 Oeste: coa parcela 452-3 procedente desta segregación.

Parcela nº 452-5

Superficie bruta: 1.072 m² .
 Superficie de cesión: 27 m².
 Superficie neta: 1.045 m².
 Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.
 Sur: coa parcela 452 Matriz procedente desta segregación.
 Leste: coa parcela 452-6 procedente desta segregación.
 Oeste: coa parcela 452-4 procedente desta segregación.

Parcela nº 452-6

Superficie bruta: 1.395 m² .
 Superficie de cesión: 235 m².
 Superficie neta: 1.160 m².
 Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.
 Sur: coa parcela 452 Matriz procedente desta segregación.
 Leste: camiño.
 Oeste: coa parcela 452-5 procedente desta segregación

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 220 m², 27 m², 25 m², 26 m², 27 m² e 235 m², o abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 451,99 euros.
 Total: 451,99 euros.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE)

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO REY VÁZQUEZ, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café – bar Taxi, sito no lugar de Gundín nº 6- Os Ánxeles-Brión.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de ESTACIÓN DE SERVICIO REYNI SL, e preténdese poñer a nome de Antonio Rey Vázquez.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café – bar Taxi, sito no lugar de Gundín nº 6, Os Ánxeles – Brión, a nome de Antonio Rey Vázquez.

SEXTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA JOSÉ PÉREZ HARO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda sita na Avd. dos Ánxeles nº 11, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:



1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González